



OBSERVACIÓNS:

- A realización do exercicio terá unha duración máxima de 20 minutos.
- O exercicio deberá realizarse na folla de respostas, na cal deberá indicarse o nome, DNI e sinatura.
- Marque a opción elixida de maneira clara e evidente na folla de respostas. No caso de cambiar a resposta fágao de maneira que non queden dúbidas sobre a opción definitiva. De ser dubidosa a opción seleccionada, será refutada como non contestada.
- Deberá responder tamén á pregunta de reserva, que será cualificada no suposto de que algunha das principais conteña un erro ou sexa determinada nula polo Tribunal.
- Puntuarase cun máximo de 6 puntos, quedando eliminadas as persoas que non acaden un mínimo de 3 puntos.
- As respostas correctas puntuarán 0,50 puntos cada unha.
- Non se valoraran as preguntas non contestadas e as falladas non restarán puntos.



PROCESO DE SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUN TRABALLADOR/A PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA 2020

Cee, xoves 16 de xullo de 2020

Rodea cun círculo a resposta correcta

1. A igrexa de Santa María da Xunqueira

- a) Conserva da época da súa construción a cabeceira gótica
- b) Foi queimada polos ingleses
- c) As dúas son correctas

2. O Camiño de Fisterra e Muxía entra no concello de Cee

- a) Polo monte e cruceiro da Armada
- b) Polo monte e capela de San Pedro Martir
- c) Polo monte e capela de San Antonio de Xallas

3. Das seguintes praias, cal non pertence ó concello de Cee?

- a) A de Estorde
- b) A de Nemiña
- c) A de Lires

4) O conxunto etnográfico dos muíños de Morancelle podemos atopalo na parroquia de

- a) Cee
- b) Toba
- c) Pereiriña

5) Entre as funcións a realizar polos traballadores das oficinas de información turística, segundo as bases que rexen este proceso selectivo, están

- a) Colocar en lugar visible a imaxe corporativa da Deputación de A Coruña
- b) Prestar asistencia técnica e apoio ó sector turístico
- c) As dúas son correctas

6) Domingo Antonio de Andrade, mestre do barroco galego, naceu en Cee

- a) No ano 1654
- b) No ano 1653
- c) No ano 1639

7) O Museo Colección da Fundación Fernando Blanco de Lema abriu ás súas portas ó público

- a) En agosto do ano 2001
- b) En xullo do ano 2001
- c) En agosto do ano 2002



8) Das seguintes rúas, cal non está no concello de Cee?

- a) Rosalía de Castro
- b) Vázquez Queipo
- c) Eduardo Pondal

9) En que igrexa parroquial ceense se custodia unha reliquia relacionada co culto xacobeo?

- a) Na de Brens
- b) Na de Cee
- c) Na de Ameixenda

10) Cal é o copatrono de Cee ó que, xunto coa Xunqueira, se lle adican unhas importantes festas no verán?

- a) San Cristovo
- b) San Roque
- c) San Adrián

11) O Colexio Fernando Blanco pasa por ser un dos referentes educativos en Galicia desde a súa inauguración no

- a) Século XX
- b) Século XIX
- c) Século XVIII

12) A vila de Cee gardou durante séculos unha estreita vinculación coa cidade e catedral de Santiago así como coa ruta xacobeá. Tanto é así que,

- a) A vila contaba con hospital de peregrinos
- b) O arcebispo compostelán era o señor da vila
- c) Na propia igrexa ceense hai unha capela adicada a Santiago Apóstolo.

PREGUNTA DE RESERVA.

13. O Camiño de Fisterra e Muxía ao seu paso polo Concello percorre a parroquias de:

- a) Brens
- b) Lires
- c) Ambas.